

Poemas¹Silvia Penas²

His tongue that I have mastered/ has mastered me;/ has taught me curses/ in the language of the master/ has taught me bondage/ in the language of the master /and I am a woman ravished and naked/ chanting the words of a little girl lost/treading the edge of the waves.

Abena Busia

[I]

A miña nai falaba dúas linguas, unha dominábaa
a outra traíaa máis atrás dos dentes
atada con furia á pobreza, saudade de arbustos
fronte ao pozo, a casa, a herba acabada de segar.
Esperaba ao futuro coa voz rendida a unha lingua
aprendida nas revistas e na televisión en branco e negro do veciño.
Non podía falarlle ás ovellas con ese acento case aroma
de vestidos evasé e plataformas de madeira nos zapatos
para ser máis alta mesmo de xeonllos
pero entoaba cancións inventadas aos galos
por se os calase na mañá e puidese durmir antes de recortar
a súa mocidade na dureza dos campos.

A miña nai falaba dúas linguas, unha dominábaa
coa outra imaxinaba unha boneca nunha caixa de cartón
por Pascua, ou ver o mar
(azul dise igual nas súas dúas linguas
pero nunha delas o mar é verdade
e na outra está nunha foto de viaxe).

¹ Selección de dous poemas pertencentes a *O resto é ceo* (Editorial Malafera, 2023).

² <https://www.silviapenas.com/>; https://gl.wikipedia.org/wiki/Silvia_Penas; <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/silvia-penas>.

A miña nai non coñeceu as linguas destas illas
 pero o seu ritmo ao ser feliz era crioulo
 castaño claro como o iris dereito
 verde o esquerdo como un outubro anticipado en Santo Antão.
 Na praza da igrexa púxenme a cantar canda os galos
 e non durmiu ninguén na comarca do Paúl
 polas túas dúas linguas, nai, doendo aínda
 no ámbito do mundo.
 Nunca entendín por que querías que só una delas
 fose a miña, pero agora sei maldicir
 en idiomas recónditos
 que non existían antes da túa morte.

Nai, as túas dúas linguas atravesan comigo
 as curvas que debuxa o carro e trasládanme a Porto Novo
 onde haberá un barco e a súa sirena anunciará a partida.
 Cada vez que escoito o éxodo ou xorde a canela do adeus
 para infectarme a pituitaria
 póño-me a falar na lingua única do pranto
 e grito o teu nome derramado aos pés do meu
 o meu nome construído con tons de selva entre as túas mans
 e vén tamén o amor subíndome ata o sexo
 espida, estendida ao sol, dilatadas as carótidas
 escoitando a túa ausencia no fluír do sangue
 en tantas linguas como matices hai de azul de mar
 batallando por ser verdade
 humillando o branco das ondas
 contra o negro das pedras.

Quipnayra uñtasis sarnaqapxañani
Mirando atrás e adiante podemos camiñar no presente futuro
 Aforismo aymara

Para Ivo e Lara, fillas e illas futuras

[II]

Fillo, se un día vés ás illas
 has de saber por onde se trazan as estradas
 no sangue
 como navegar lagoas de sangue
 por non as haber de auga.

É escura a inxenitude do mar
que baña a súa lingua no po das costas
sen apenas unha fenda por onde entre un río.

É escura a inocencia dos cumes
coas súas veas punzantes
e o dedo como unha estaca apuntando ao ceo
en alerta sempre ao mínimo escintileo dunha nube.

Pregúntome se é a loucura a que ordena
os mapas, pregúntome

se a liña do ecuador posúe a firmeza suficiente
para constatar certas distancias.

Fillo, has de saber
que respirar é un acto salvaxe
nalgunhas partes do poema
oxalá puidese cometer un erro
que encamiñase o silencio cara á luz
ou restituíse a vida: algo, necesito axuda
quizais dun deus ou do meu pai
para contarche de onde veñen os números
ensinarche a recoñecer os planetas e ese oco
de universo que ves entre as constelacións
a suma importancia do ocaso.

Quizais deberías permanecer simplemente
contemplando como a túa engrenaxe celular se cobre
con pétalos de lirios do horto da miña aldea
querería entón fabricarche un abrigo coa pampa
que levita na retina da túa avoa.

Ao pasar entre as miñas pernas herdaches
o monte comunal e o proletariado da familia
a tendencia ao caos e a habilidade
para manexarte nas fronteiras.

Deberás ir armado de pasado ata os dentes, fillo
que o futuro será unha descarga con voltaxe repentina
para chegar máis rápido a todas partes

tamén á meta.

Non existe a meta nas illas pola
súa extrema circularidade
non existe unha liña recta entre o
pasado o presente e o futuro.
Ensinareiche xunto ao poema
a trazar os meridianos
desde a profundidade das arterias
ata as puntas capilares
estradas na medula espiñal
pero aínda teño medo de non saber
explicarche a palabra verdade

ou por que pertencer a un lugar
é cuestión de vida
ou morte.